

SIMONE DE BEAUVOIR: UNHA PENSADORA DA ALTERIDADE

MERCEDES EXPÓSITO GARCÍA
IES Mendiño, Recondela (Pontevedra)

Resumen

Se propone una lectura de Simone de Beauvoir que la vincule con Hegel, uno de sus autores de referencia. La condición de desigualdad entre las conciencias, la mujer como conciencia sierva frente al hombre como conciencia libre, es el marco teórico a partir del cual se formula la pregunta *¿Qué es una mujer?* Pregunta que constituye una novedad en la historia de la filosofía y cuya respuesta no puede obviar la condición adscrita a lo femenino: alteridad pura.

Palabras clave: Hegel, feminismo, Simone de Beauvoir, alteridad, conciencia libre, conciencia sierva.

Abstract

It is suggested reading Simone de Beauvoir in a way that links her work with Hegel's, one of her reference authors. The inequality terms among consciences, woman as a serf conscience against man as a free conscience is the theoretical framework that raises the question, *what is a woman?* A new question in the history of philosophy and, when being answered it cannot be obviated the inner nature of feminity: sheer otherness.

Keywords: Hegel, feminism, Simone de Beauvoir, otherness, free conscience, serf conscience.

1. A pegada de Hegel

Simone de Beauvoir deixounos múltiples lembranzas da súa época, a súa civilización e o medio social ao que pertenceu. Pensar a súa perplexidade en relación coa totalidade do mundo foi un dos seus obxectivos. É con esta inten-

Recibido: 12/01/2009. Aceptado: 18/02/2009.

ción que, ao longo da súa escritura e de xeito especial nos catro volumes das súas Memorias, publicados entre o 1958 e o 1972, examina a súa propia vida e a súa historia intelectual, a través de certos conceptos, de certas nocións.

Corre o ano 1963. Rememorando o momento da concepción de *O Segundo Sexo*, a súa obra máis soada, declara: “Querendo falar do meu, dábase conta de que era necesario describir a condición feminina, considerando, para empezar, os mitos que os homes forxaron a través das cosmoloxías, as relixións, as supersticións, as ideoloxías, as literaturas. Intentaba pór orde (...): en calquera caso o home expúñase como o Suxeito e consideraba á muller como un obxecto, como o Outro”¹.

Atopamos de novo unha referencia a esa obra nunha das súas últimas producións, titulada “*Final de contas*”. Simone de Beauvoir afirma que “se escribise hoxe *O Segundo Sexo*, daríalle bases materialistas e non idealistas á oposición do Mesmo e o Outro. Fundaría o rexeitamento e a opresión do Outro, non sobre o antagonismo das consciencias senón sobre a base económica”².

As dúas declaracións que acabamos de nomear, aparte dunha constatación da evolución do seu pensamento, poñen en evidencia o xiro desde posicións idealistas a posicións materialistas. Con todo, o que aquí nos vai a interesar é a primeira etapa, a idealista, xa que, recorrendo a unha noción hegeliana, a de alteridade, por unha banda intenta desocultar as operacións que levan a construír como Outro ao suxeito muller e por outra revela a xerarquización implícita na dicotomía mesmo/outro.

Porque Hegel é a referencia básica do pensamento da alteridade e porque é o autor que constantemente soa no fondo da obra de Beauvoir, gustaríame empezar cunha cita deste pensador considerado escuro polo simple feito de que o seu discurso trata sobre o propio discurso. Hegel dinos o seguinte: “As formas do pensamento se exteriorizan en primeiro lugar na linguaxe humana... en todo o que o home interioriza ou converte en obxecto de representación, en todo o que o home fai seu, háxase presente a linguaxe, mais todo aquilo con que se forma a linguaxe ou que se expresa a través del, contén, mais ou menos encuberta, unha categoría. A vida é o emprego das categorías”³.

Veremos mais adiante que a categoría que desde sempre se asociou ao feminino é a do Outro, un outro negativo e inesencial fronte a un Un posi-

1 Beauvoir, *La Force des choses*, p. 257.

2 Beauvoir, *Tout compte fait*, p. 614.

3 Texto citado por Víctor Gómez Pin en *Conocer Hegel y su obra*, p. 92.

tivo e esencial. Polo momento, imos ter en conta que, para Hegel, non hai diferenzas neutras, non poden ser neutras as diferenzas individuais e de destino. Na *Ciencia da Lóxica* sostén que tanto se miramos ao lado da igualdade coma se miramos ao lado da desigualdade, o que vemos é a presenza de dúas cousas –o Un e o Outro– no seo dunha unidade indisociable. Alí onde vemos chegar á unha vemos chegar á outra. A igualdade e a desigualdade non teñen outro ser que o das súas mutuas diferenzas, son algo relacional en sentido de que a igualdade contén desigualdade.

Achegarse á obra de Beauvoir obríganos a non deixar de lado o feito da súa formación filosófica xa que é importante resaltar un feito que, aínda que obvio, ás veces non se ten en conta: Simone de Beauvoir é, primeiro de nada, unha *pensadora* –por moito que, dito así, en feminino, o termo sóenos, aínda hoxe, estraño. É a pensadora que escribiu a obra que, co tempo, chegou a ser a referencia do movemento feminista mundial pero é tamén, xunto con Sartre, unha das grandes referencias intelectuais do Maio do 68 francés.

1908-1986, as datas do nacemento e morte de Simone de Beauvoir, abarcan todo un período que podería cualificarse como o mais prolífico e interesante da historia do pensamento filosófico-literario francés: estruturalismo, existencialismo, posestructuralismo e deconstrución son as grandes correntes que o caracterizaron. E iluminando en gran parte todo isto atopamos a figura de Hegel o cal é considerado en 1945 por Brunschwig, “a orixe do mais moderno que se está facendo”. O hegelianismo é introducido en Francia por Jean Wahl no 1929, entre os anos 33-39 Kojève imparte o seu seminario, no 45 Hyppolite afirma que “a discusión marxismo e hegelianismo está á orde do día”. En 1970 Merleau-Ponty declara: “Toda a nosa época, sexa a través de Marx ou a través de Nietzsche, trata de librarse de Hegel. Pero librarse de Hegel realmente implica a apreciación do valor exacto do que custa afastarse del”⁴.

O traballo de Beauvoir intenta inscribir ao Outro (que no caso que nos ocupa é Outra –un Outro feminino) no centro mesmo do discurso. Pensar o Outro sitúa o tema da alteridade no centro da investigación filosófico-literaria. O Outro como categoría, como referencia na construción da identidade e do Suxeito, fora analizado por Hegel, autor que Beauvoir toma como referencia á hora de elaborar o seu propio pensamento filosófico. Logo de Beauvoir unha boa parte do pensamento francés ligado á deconstrución seguirá este mesmo camiño.

4 Texto citado por Didier Eribon en *Michel Foucault*, p. 43.

A noción de experiencia da conciencia, central en Hegel, tamén deixa a súa pegada en Simone de Beauvoir. O seu extenso traballo literario apunta en múltiples sentidos e cos mais variados matices a esta noción fundamental –ata tal punto que *A experiencia vivida* figura como subtítulo do segundo tomo da súa obra *O segundo sexo*. Tamén a expresión *Os feitos e os mitos*, o subtítulo do primeiro tomo, está relacionado coa noción de experiencia. Aquí xa non se trataría da experiencia vivida, a experiencia individual senón, pola contra, da experiencia colectiva, a experiencia histórico-cultural-simbólica.

O segundo sexo, –o Outro sexo, poderíamos dicir– é a súa obra máis autenticamente filosófica, pero podería inscribirse no amplo traballo autobiográfico que constitúe a escritura das súas memorias: *Memorias dunha xove formal*, *A Forza da idade*, *A Forza das cousas*, *Final de contas*. Dito doutro xeito, Beauvoir non parece a primeira vista allea a unha longa tradición literaria de mulleres que toman a súa propia existencia e a súa propia experiencia como obxecto da súa escritura, o cal pode obedecer a un desexo de partir de cero, afastándose dos discursos imperantes. Por outra banda, a articulación entre experiencia e conciencia, teoría e existencia caracteriza á totalidade do existencialismo. A escritura adquire neste contexto o carácter dunha necesidade vital que pode adoptar a forma de salvar a propia vida.

2. A pregunta que é unha muller?

A nosa autora declarou nunha entrevista que a súa perspectiva do mundo e as súas reflexións sobre as mulleres realízanse desde a óptica da filosofía. Neste sentido, a gran novidade que achega é expor unha pregunta filosófica: *Que é unha muller?* o cal abre unha indagación que se efectúa no nivel da historia e nos discursos filosófico-literarios. O camiño de procura dun fundamento do ser-muller desvelará que no fondo, o chan subtráese unha e outra vez, como un abismo. O punto de partida é a procura e no camiño o que se desoculta é a falta de fundamento. Desvélanse figuras á conciencia (a nena, a virxe, a esposa, a nai, a prostituta, a santa, a musa) pero cada unha delas é a negación da outra, de cada unha desas figuras xorde outra que á súa vez ha de ser negada. Toda muller pensa, en maior ou menor medida, “*Eu non son eu mesma*”. Esta idea aparece tamén na súa obra *A vellez* e tamén con connotacións negativas –só son vellos os outros–; pon de manifesto un exercicio de fuxida do presente ao pasado –o lugar no que había un espazo que ocupar, o rol do traballador, da acción, do individuo autónomo ante o cal ábrese un porvir. En ambos dous casos, mulleres e vellos, actúa a dialéctica actividade/pasividade. É comparable o que ocorre na dialéctica he-

geliana do amo e o escravo: o que define, establece, actúa e o que é definido asume pasivamente a definición. Conquistar a liberdade significa, neste contexto, subverter a relación, abandonar a posición de pasividade.

O camiño, o percorrido que Beauvoir realiza para responder á pregunta *Que é unha muller?* é dialéctico. Cada unha das figuras de muller nega á outra, cada unha é verdadeira porque sitúa á outra como falsa e ao final do percorrido, ao final de todo este movemento no que unha figura dá lugar á seguinte, e que pode cualificarse de escepticismo, consumándose porque cada unha das figuras non responde á pregunta senón que tan só ofrece unha perspectiva, unha situación da muller, ao final do camiño atopámonos a experiencia que, en termos de Beauvoir, supón afirmar que “non se nace muller, chégase a selo”. Muller é algo que se devén, non supón un ser, algo prefixado. Certo que hai o dado, as figuras, os contidos simbólico-culturais que adscriben espazos para as mulleres pero por riba de todo iso hai a liberdade, a posibilidade de transcender a situación fáctica.

A resposta á pregunta *Que é unha muller?* supuxo, no caso de Beauvoir, a escritura de *O Segundo sexo* e dun amplo conxunto de obras que interpelan e desenmascaran a serie de dispositivos culturais de feminización que impoñen unha codificación das condutas e constrúen determinadas concepcións mentais. Ao facelo, inaugura un novo campo de investigación filosófico-literario: o feminismo na súa dimensión teórica que, á súa vez, constituirase na referencia conceptual do movemento social de loita polos dereitos da muller.

O punto de vista desde o que expón a pregunta é o dos valores existencialistas: a liberdade e a autenticidade. O chegar a ser muller implica un enmarañado sistema de experiencias e decisións tanto de tipo colectivo como individual. Temos aquí dous planos.

No plano da existencia individual atopamos a posibilidade de efectuar, por parte de cada unha das mulleres, a deconstrución da construción social da identidade. Trátase, pois, da conquista da autonomía, a afirmación da persoa como suxeito que, no caso das mulleres, supón a posta en cuestión do seu *ser-obxecto*. É este un camiño específico que se lle aforra aos seres humanos-homes pois estes aparecen definidos, nas construcións simbólico-sociais, como suxeitos libres e autónomos. Por iso ás mulleres esíxeselles un plus: a conquista da liberdade e a autonomía non lles vén dada.

Respecto ao plano da existencia ou experiencia colectiva, é neste contexto onde habería que situar todas as análises de *O segundo sexo*, obra cuxa temática xira ao redor de tres cuestións básicas:

1. A defensa da autenticidade e a liberdade, dous valores básicos do existencialismo.

2. A análise do punto de vista dos homes en tanto exclusivos creadores de cultura e de definicións, entre as cales é fundamental a do “eterno feminino” que presupón unha esencia inmutable nas mulleres. Non se trata aquí de seres humanos femias senón dunha realidade misteriosa: a feminidade.

3. A análise da experiencia das mulleres e a súa reacción que pode adoptar ou non unha forma crítica, dialéctica, a forma da negación da negación expresable en termos de “a muller é non-ser, a muller faise”. Se non hai crítica, se non hai dialéctica, se a reciprocidade se volve imposible e o outro –a outra, no caso que nos ocupa– non plantexa ao Un-suxeito como inesencial, entón atopámonos coa alienación, é dicir, cunha subxectividade afectada pola alteridade, unha conciencia inesencial que é para si mesma outro, pura presenza inmanente, un escravo que asume a súa posición de escravo, outro inesencial a través do cal o home toma conciencia de si. Negación da negación.

O home constrúe á muller como Outra e a muller, pola súa banda, non se reivindicada como suxeito porque carece de medios concretos, asume de xeito pasivo os lazos que a atan ao home sen esixir reciprocidade, por último, con frecuencia, comprácese no seu papel de outra. As actitudes de consentimento, de aceptación da inmanencia son, desde a óptica da moral existencialista, inmorais.

Imos deternos, en relación con estes tres aspectos, no que afirma o prólogo de *O segundo sexo*.

Para empezar, sostén que non hai esencia feminina. A palabra muller non ten contido. Pero rexeitar a noción dunha feminidade prefixada non significa negar que haxa mulleres. Este rexeitamento, mais que unha liberación pode significar unha fuxida, porque é innegable que a humanidade divídese en dúas categorías diferenciadas polo seu aspecto físico, modo de vestir, ocupacións etc. Estas diferenzas poden ser superficiais e destinadas a desaparecer pero polo momento existen.

Xa que logo, se rexeitamos a noción de “eterno feminino”, se pensamos que a función da femia non basta para definir á muller e se, polo menos provisionalmente, admitimos que hai mulleres, só quedanos preguntar de novo *Que é unha muller?*

Expor esta pregunta xa presupón unha característica da muller: esta ten que partir sempre do feito de ser muller. Un home, pola contra non parte do feito de ser home porque iso xa se presupón. O tipo humano absoluto é o masculino e o feminino defínese por relación a el. O home é o positivo e o neutro, a muller o negativo; é o inesencial respecto dun esencial que é o home. O home é o suxeito, ela o Outro. Isto aparece por exemplo, en Lévinas, para o cal o sexo non é unha diferenza específica calquera e tampouco se define po-

la complementariedade e a reciprocidade senón que, na súa opinión, hai seres que se definen pola alteridade porque a alteridade é a esencia do feminino.

3. A alteridade. O Outro

Nas mitoloxías antigas aparece a dualidade do Mesmo e o Outro sen referencia á división de sexos. A alteridade é unha categoría fundamental do pensamento humano porque toda colectividade defínese como Un respecto doutro pero o Outro ten a mesma pretensión: definirse como Un respecto doutro. De bo ou mal grao, individuos e grupos recoñecen a reciprocidade e relatividade, e dicir, non se impón un Outro absoluto. Por que, no caso dos sexos, esta reciprocidade non aparece e hai un Un e un Outro absolutos? Por que só un dos termos se afirma como esencial e o outro, en relación a el, como inesencial? Non é o Outro quen se define como Outro en relación ao Un esencial, pola contra, é o Un quen o define como Outro. Por que non opera o retorno do Outro respecto ao Un? Por que o Outro, a muller, se somete e non se afirma como Un? Para unha resposta provisional poderíamos utilizar a afirmación de Sartre: “medio vítimas, medio cómplices, como todo o mundo”.

Existen casos nos que unha categoría domina a outra absolutamente durante certo tempo. A miúdo, esta situación se deriva da desigualdade numérica, é o caso no que unha maioría se impón a unha minoría. Con todo, isto non ocorre coas mulleres porque son unha maioría dominada.

Noutras ocasións, ocorreu que dous grupos independentes entraron en contacto por mor de determinados acontecementos históricos e o máis forte someteu ao máis débil. Pero no caso da muller non ocorre tampouco isto: a dependencia respecto ao home non é produto dun acontecemento, non houbo un antes e un despois, un *devoir* da relación de submisión. En parte porque non é un feito histórico accidental, a alteridade da muller aparece como algo absoluto mentres que toda situación que xorde nun tempo histórico concreto é relativa, pode cambiar noutro.

Se a muller é o inesencial que non se tornou esencial, Suxeito, é porque ela non operou o retorno que reverte a relación e plantexa o Home como Outro. As mulleres non din “nós”. A acción das mulleres foi simbólica, o que conseguiron outorgáronllo os homes.

Elas non teñen pasado, historia ou relixión propia, tampouco intereses comúns porque viven dispersas entre os homes, ligadas pola súa condición social mais aos homes que ás mulleres. As burguesas solidarízanse cos burgueses e non coas mulleres proletarias, as brancas cos homes brancos e non coas mulleres negras.

A división de sexos, as dúas metades da parella, están ligadas unha ao outro e o que caracteriza á muller é que ela é o Outro dunha totalidade cuxos dous termos son necesarios o Un ao Outro. Por que, no caso home-muller a alteridade é asimétrica, desigual? O feito de que non se dea reciprocidade nin a nivel colectivo –grupo de homes/grupo de mulleres– nin a nivel individual –home/muller– e o problema. Sen reciprocidade non hai recoñecemento do outro e, xa que logo, non hai liberdade nin liberación. Outro xeito de expor a diferenza de sexos sería sobre o fondo da alteridade en xeral: unha alteridade na que se operase o retorno e, polo tanto, tras a loita das consciencias, houberse recoñecemento por parte de cada unha das partes.

Geneviève Fraisse afirma que Beauvoir introduce unha ruptura teórica na historia do feminismo. Se ata ela os debates viraban ao redor da cuestión da natureza esencial feminina, ela introduce a reflexión sobre a alteridade e, á beira diso, a afirmación de que as mulleres están nunha situación histórica caracterizada pola liberación. Se Beauvoir non recoñece ningún status teórico á historia do feminismo é porque a atopa tan repetitiva como a historia do consentimento feminino. A inconsistencia das súas reivindicacións podería caracterizarse coa denominación “querela”. Unha querela é unha polémica repetitiva e estancada sobre a superioridade ou a igualdade. É o contrario dun conflito o cal ten unha dinámica e solución posible. Beauvoir expuxo que a resolución desta contradición implicaría que se o Outro é Suxeito entón ten historia. Na querela, pola contra, as razóns desaparecen e con iso a dialéctica das relacións de poder entre homes e mulleres. As mulleres non se apropiaron de nada porque a súa axitación é simbólica (mera revolta fronte a revolución ou investimento da situación). Teñen soamente o que os homes queren concederlles.

Á vontade reivindicativa, Beauvoir opón o esforzo de lucidez. Ela terá o privilexio da pensadora: testemuña de dous mundos, o dos homes e o das mulleres, consciente de que estes dous mundos enfróntanse e consciente tamén de que “hoxe en día as cousas empezan a cambiar”. En ocasións describiuse a Beauvoir como unha muller comprometida, é certo pero se se fai unha aclaración: o seu compromiso é co coñecemento.

As súas reflexións, inscríbense, pois, no campo da alteridade e en concreto, na historia das representacións da diferenza de sexos. A muller foi definida como o Outro e isto trae consecuencias. Neste sentido, os dous volumes que compón *O Segundo Sexo* están escritos, o primeiro –os feitos e os mitos– analizando as consecuencias desde o punto de vista dos homes: o segundo –a experiencia vivida– desde o punto de vista das mulleres.

Gustaríanos concluír lembrando que Simone de Beauvoir compaxinou a súa faceta máis filosófica e teórica coa de novelista. De entre o legado das

súas novelas e relatos imos destacar aquela que, na nosa opinión, mostra de modo máis evidente moitas das conceptualizacións de *O segundo sexo*.

Escrita dezanove anos despois, no ano 1968, o seu título, *A muller rota*, apela unha vez máis ás escisións da realidade feminina. En palabras de Beauvoir, a muller rota “é a vítima estupefacta da vida que ela mesma elixiu”. Conta a historia dunha muller inmersa nun proceso de separación e desposuída do seu ser mesmo, elixiu a devoción, o ser para outros. A novela recolle tamén a análise do existencialismo como a condena á liberdade e o baleiro da existencia, a vida como elección en situación, etc. Narrada en primeira persoa e con estrutura de diario, o monólogo interior de Monique, a protagonista, revélanos a unha muller que fracasa ao asumir a súa vida. Chegoulle o momento de ter que enfrontarse consigo mesma, de facer fronte á pregunta quen son? e ao tempo transcorrido. Dáse de conta que o matrimonio é unha asociación que nada ten que ver co amor. O xiro que dá a relación co seu marido obrígalle a romper cun pasado que á súa vez rompe a súa propia identidade como muller, a súa subxectividade. A idea que se formou de si mesma desaparece, e por iso é polo que a narración lle da importancia á procura da propia imaxe. Os outros son espellos nos que ela se mira. A protagonista necesita espellos nos que buscarse e iso ocorre nunha etapa da súa vida en que toma conciencia de que o seu pasado viña a ser unha fuxida de si mesma, unha “abdicación da súa liberdade”.

Toda pregunta pon en cuestión e é por iso que ás veces exaspera ou dá medo. Foron moitas as mulleres que atoparon nas exposicións de Simone de Beauvoir un auxilio contra as imaxes delas mesmas que as esmagaban. Outras só viron reflexos que as escandalizaban. Pero o que parece indubidable é que as súas análises sacaron á luz a condición xeral da muller. “A lucidez non dá a felicidade –escribiu– pero si animo e coraxe”.

Bibliografía

- Beauvoir, Simone, *Le Deuxième sexe*. Gallimard: Paris, 1976.
 Beauvoir, Simone, *La Force des choses*. Gallimard: Paris, 1963.
 Beauvoir, Simone, *Tout compte fait Paris*. Gallimard: Paris, 1972.
 Eribon, Didier, *Michel Foucault*. Anagrama: Barcelona, 2004.
 Gómez Pin, Víctor, *Conocer Hegel y su obra*. Dopesa: Barcelona, 1978.
 Kojève, Alexander, *Introduction à la lecture de Hegel*. Gallimard: Paris, 1947.
 Fraisse, Geneviève, *Musa de la razón*. Cátedra: Madrid, 1991.

NOTAS

KAFKA, WITTGENSTEIN Y EL LENGUAJE COMO INTERMEDIARIO

CARLOS A. CONCHILLO MARTÍNEZ
IES Saturnino Montojo, Ferrol

Resumen

El trabajo expone la potencia explicativa, por lo que a la obra de Kafka se refiere, que trae consigo la sustitución del guardián del relato “Ante la Ley” por el lenguaje, por cualquier lenguaje que pretenda mediar entre los seres humanos y la realidad. Sirviéndose de una versión de la *paradoja de las clases* de Russell, que el autor llama *paradoja del guardián*, y por lo contenido en dicho relato, se muestra la imposibilidad que tiene el lenguaje de referirse a nada distinto de sí mismo. Si no hay autor del mensaje más allá del mensajero, la visión de la obra de Kafka tendrá que ser inmanente. Las reflexiones del Wittgenstein del *Tractatus* sobre el lenguaje y la realidad, sobre la diferencia entre *decir* y *mostrar*, así como la teoría del *significado como uso* del Wittgenstein posterior sirven de telón de fondo a la argumentación.

Palabras clave: Kafka, Wittgenstein, “Ante la Ley”, teoría de la literatura, filosofía del lenguaje, inmanencia, intermediario.

Abstract

This essay, in regard to Kafka's work, exposes the explanatory power of language in the substitution of the guardian in the tale 'Before the Law' by any other language which intends to mediate between human beings and reality. While using a version of Russell's *paradox of classes* which the author refers to as the *paradox of the guardian* and judging by the content of this tale, the impossibility of language to refer to anything different from itself becomes evident. Should the message have no other author than the messenger himself, then the vision of Kafka's work must be immanent. Wittgenstein's reflections in *Tractatus* about language and reality, about the difference between *saying* and *showing* as well as the theory of *meaning as use* of the later Wittgenstein, are the basis of this line of argument.

Recibido: 19/10/2007. Aceptado: 17/09/2008.

Keywords: Kafka, Wittgenstein, ‘Before the Law’, theory of literature, philosophy of language, immanence, intermediary.

EL RELATO “Ante la Ley”, publicado por primera vez en 1915, aparece dos veces en el *corpus* kafkiano: es una narración independiente y es una historia sin título que en la novela *El proceso* el sacerdote le cuenta a Josef K. La publicación en tres ocasiones en vida de Kafka, así como su inclusión en la novela *El proceso*, seguido, aquí, de una exégesis dialogada entre K. y el sacerdote, dan muestra del valor que el propio Kafka le concedía. Así, en plena redacción de la novela, el 13 de diciembre de 1914 menciona en sus diarios el “sentimiento de satisfacción y de dicha, como el que tengo, por ejemplo, especialmente con respecto a la leyenda”¹, refiriéndose a la narración que nos ocupa. Ello es tanto más significativo si viene, como es el caso, de un escritor nada complaciente con el resultado de sus obras. Aunque pueda parecer un *excurso*, y así la entiende Adorno² respecto de su aparición en *El proceso*, entiendo la *leyenda* como una luz que alumbra toda la novela, cuestión de la que no podré ocuparme aquí.

Derrida, en su estudio “Kafka: Ante la Ley”³ escribe: “El relato ‘Ante la Ley’ no contaría o no describiría otra cosa que a sí mismo en cuanto texto [...] El texto se protege, como la Ley. No habla más que de sí mismo [...] No llega ni permite llegar a sí mismo. Es la Ley, hace la Ley y deja al lector ante la Ley”⁴. De este modo, nos encontraríamos frente al texto como el campesino frente al umbral de la Ley, umbral que no atravesaremos si, como hace éste, respetamos lo dicho por el guardián, parte integrante, es de suponer, de la misma Ley que se manifiesta como inaccesible: la Ley nos ordena, a través del guardián, no pasar a la Ley, pero ¿es ésta algo más que la prohibición de acceder a lo que da sentido a la misma prohibición? Todo en el texto parece indicar que no, que la Ley consiste en no poder entenderla, descifrarla o palparla. En la exégesis de la leyenda, en *El proceso*, leemos que: “la comprensión acertada de un asunto y la comprensión desacertada del mismo asunto no se excluyen completamente”⁵. La paradoja nos está avisando de que comprender la Ley consiste en aceptarla sin comprenderla. Acaso no ha-

1 Kafka, *Diarios, Obras completas*, Barcelona, Galaxia Gutenberg/Círculo de Lectores, 2000, t. II, p. 536. Trad. A. Sánchez Pascual.

2 Adorno, *Crítica cultural y sociedad*, Barcelona, Ariel, 1973, p. 138.

3 Derrida, *La filosofía como institución*, Juan Granica, Barcelona, 1984, pp. 93-144.

4 *Ibid.*, p. 123.

5 Kafka, *El proceso*, Madrid, Cátedra, 1999, p. 265. Trad. Isabel Hernández.

